

*Orde do 21 de marzo de 1994 pola que se declara a existencia dunha praga de pulguiña do carballo (Altica quercetorum Foud).*

Detectouse nos últimos anos que nalgunhas carballeiras da nosa comunidade se están a producir ataques de *Altica quercetorum*, un coleóptero da familia dos crisomélidos, coñecida como pulguiña do carballo. Estes ataques están acadando unha intensidade ata agora descoñecida, o que fai necesaria a súa declaración de praga, para así poder realizar actuacións tendentes a restituí-las poboacións de *Altica quercetorum* á súa situación tradicional por medio dos tratamentos precisos de xeito, que se minimicen os danos que esta poida causar.

Da experiencia acadada nesta anos pódese asegurar que ten unha grande capacidade de espallamento e tamén que poden xurdir novos focos en carballeiras afastadas das comarcas afectadas nos anos anteriores.

Por todo o exposto, ó abeiro do establecido nos artigos 61 e 69 da vixente Lei de montes, e dos artigos 357 a 387 do seu regulamento, e vista a proposta da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural,

#### DISPOÑO:

1. Declárase a existencia dunha praga de pulguiña do carballo (*Altica quercetorum Foud*) que pode afectar ás carballeiras de calquera zona de Galicia.

2. Os propietarios de montes onte, a xuízo da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, poidan constituírse focos de espallamento desta praga deberán autorizala realización por parte da Administración dos traballos de prevención e extinción que se consideren necesarios.

#### Disposición adicional

Facúltase o director xeral de Montes e Medio Ambiente Natural para dicta-las disposicións precisas para o desenvolvemento desta orde.

#### Disposición derradeira

Esta orden entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 1994.

Tomás Pérez Vidal

Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes

*Orde do 21 de marzo de 1994 pola que se establecen axudas para a mellora, restauración e divulgación do medio ambiente natural e dos seus compoñentes.*

A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes ten ó seu cargo as competencias e funcións en materia de medio natural.

O artigo 149.1º 23 da Constitución, así como o artigo 27.30º do Estatuto de autonomía de Galicia facultan a Comunidade Autónoma para establecer normas adicionais sobre protección do medio e a paisaxe.

O medio natural constitúe un aspecto positivo do contorno do home, exposto a alteracións polo seu uso abusivo e indiscriminado. En Galicia a protección e conservación do solo, da flora, dos seus hábitats e dos espazos naturais, requiere unha acción ampla e aberta de tódolos sectores sociais e económicos tanto públicos como privados.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten a obriga de fomenta-la conciencia de que o medio natural galego é un patrimonio cultural e un ben no que tódolos estamentos sociais deben estar implicados.

Por todo isto, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes promove un réxime de axudas destinadas á mellora e restauración do medio natural e dos seus recursos naqueles territorios onde a súa dispoñibilidade non fai viable o investimento directo e, sen embargo, o interese xeral e a utilidade pública das accións emprendidas fai preciso estimular iniciativas en prol da conservación do noso patrimonio natural, así como facilitalo acceso ó seu coñecemento.

En virtude do anterior,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º

Coa finalidade de favorecer-la restauración e mellora así como o coñecemento e divulgación do medio ambiente natural e dos seus recursos na Comunidade Autónoma de Galicia, establécese un réxime de axudas para as persoas físicas e entidades como subvención a fondo perdido sobre investimentos feitos en proxectos, estudos, obras, traballos e actividades que teñan aquelas finalidades.

##### Artigo 2º

Poderán ser beneficiarios das axudas previstas nesta orde:

—As persoas físicas con titulación académica universitaria ou equipos de investigación dirixidos por persoas coa dita titulación que pretendan realizar proxectos, estudos ou traballos sobre mellora e divulgación do medio natural galego e dos seus compoñentes, sempre que estean avaladas por un centro de carácter público que desenvolva actividades de investigación relacionadas co medio natural.

—As sociedades, asociacións e entidades non lucrativas que emprendan accións de mellora, restauración e divulgación do medio natural e dos seus compoñentes, que dispoñan da capacidade xurídica necesaria e suficiente para levalas a cabo e que se encontren inscritas no Rexistro de Asociacións Protectoras do Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

—Os titulares e propietarios de terreos con aptitude para lograr unha mellora de calidade do medio natural e dos seus compoñentes: augas, solos, paisaxes, fauna e flora.